



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA, O DÍA 04 DE ABRIL DO ANO 2013.**

Membros que asisten:

**Alcaldesa-presidenta:** Paula M<sup>a</sup> Fernández Pena (grupo m. PSdeG-PSOE).  
Manuel Cuiña Fernández (grupo m. PSdeG-PSOE)  
M<sup>a</sup> Dolores García Troitiño (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Klaus Brey Montaña (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Margarita Campos Espiño (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Antonio Couso Álvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Matías Rodríguez da Torre (grupo m. Mixto)  
María Jesús Penela Mato (grupo m. PP)  
José Antonio Ramos Dobarro (grupo m. PP)  
José Luis Espiño Espantoso (grupo m. PP)  
Marta López Arines (grupo m. PP)  
Luis Juan Arceo López (grupo m. PP)  
Manuel Asorey Suárez (grupo m. PP)

Asiste a interventora do concello: Isabel Pernas Sánchez.

**Asiste o secretario acctal (Decreto 04.04.13) do concello: David García Lareo.**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Silleda, sendo as **vinte horas e cinco minutos do xoves 04 de abril de 2013** (previamente efectuada a convocatoria pola Alcaldesa o 02-04-2013) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Alcaldesa os membros do Pleno enumerados, a interventora, e coa asistencia do secretario acctal (Decreto 04.04.13) que suscribe e da fe.

**Ábrese a sesión pola presidencia, pásase a tratar os seguintes asuntos segundo este orde do día da convocatoria formado pola Alcaldesa:**

**ORDE DO DÍA:**

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES (Entregadas pola Secretaria mediante escrito do 26 de marzo de 2013 – Rexistro da Saida nº 816):**

- Acta da sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2013
- Acta da sesión extraordinaria do 04 de marzo de 2013 (a petición da cuarta parte da corporación)
- Acta da sesión extraordinaria do 11 de marzo de 2013.

**2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DE 2013.**

**3.- MOCIÓN**

**4.- DAR CONTA DE DECRETOS (ata 31 de marzo de 2013 inclusive) E XUNTAS DE GOBERNO LOCAL (ata 14 de marzo de 2013 inclusive, entregadas por escritos de secretaría xeral).**

**5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**A sesión desenvólvese así:**

**1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES:**

- Acta da sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2013
- Acta da sesión extraordinaria do 04 de marzo de 2013 (a petición da cuarta parte da corporación)
- Acta da sesión extraordinaria do 11 de marzo de 2013.

**Preséntase para aprobación estas actas:**

- Acta da sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2013
- Acta da sesión extraordinaria do 04 de marzo de 2013 (a petición da cuarta parte da corporación)
- Acta da sesión extraordinaria do 11 de marzo de 2013.

**Aberto o debate, desenvólvese así:**

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) solicita que cando se convoquen os plenos sexan en tempo e forma, xa que este pleno deberíase haber celebrado o luns ou mércores pasado.

O concelleiro portavoz do grupo m. mixto Matías Rodríguez (BNG), dí que a parte dos Plenos, as Comisións informativas débense convocar sete días antes, aínda que isto pasu así por ser semana santa e que houbo que esperar polos orzamentos.

Non hai votación expresa.

**A Alcaldesa di que resultan aprobadas por unanimidade estas actas, sen que se produzan opinións nin manifestacións en contra por parte dos membros do Pleno presentes.**

**O Pleno por unanimidade dos presentes** (trece concelleiros: seis concelleiros do grupo m. PP, seis concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un concelleiro do grupo m. Mixto) aproba estas actas:

- Acta da sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2013
- Acta da sesión extraordinaria do 04 de marzo de 2013 (a petición da cuarta parte da corporación)



- Acta da sesión extraordinaria do 11 de marzo de 2013.

(Serán transcritas ó Libro de Actas do Pleno do Concello de Silleda)

## 2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DE 2013.

Visto o expediente que consta na sesión: “Concello de Silleda. Exercicio 2013. Orzamento”.

Consta incluído nesa documentación: informe da interventora do concello de 27 de marzo de 2013: “Asunto: informe ao orzamento xeral do concello de Silleda para o exercicio 2013”, e informe da interventora do concello de 27 de marzo de 2012: “Asunto: informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e nivel de deuda pública sobre o orzamento do ano 2013”.

Consta dictamen favorable da Comisión especial de Contas e informativa de Economía, Facenda, Réximen interior, Urbanismo, Medio ambiente e Medio rural de 2 de abril de 2013

A Alcaldesa procede a dar lectura a proposta da Alcaldesa de data 04 de abril de 2013, e a explicar o documento.

**Aberto o debate**, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que o orzamento na vida real vai a ser outro, que a Lei Reguladora de Facendas non se cumpre xa que o orzamento tiña que estar feito antes do 15 de outubro. Que segundo o informe de intervención o orzamento do 2011 sae con déficit e o do ano 2012 amén será negativo, e polo que dí a Lei tiña que ser equilibrado.

Outro punto que lle parece importante é o dos traballadores; a Lei esixe que haxa unha RPT, que casi todo o persoal do concello está en fraude de Lei, que non plantexou a RPT, non se senta cos sindicatos, os postos non están catalogados. Fai lectura do informe de intervención sobre isto. Tamén indica que hai casos como por exemplo administrativos que uns cobran un soldo e outros outro, que hai conxerse traballado de xardinaría, un administrativo e un camiión.

En canto o plan de axuste, dí que a Alcaldesa presume do mesmo e que según este plan ninguén cobraría produtividade, pero hai unha persoa que cobra este complemento e gustaríalle saber por que.

En canto a sentenzas xudiciais firmes, non se consigna partida suficiente.

Sobre subvencións deportivas: xa se fixo o ano pasado unha redución do 35%, e porque só se entregaron 12.000 euros ós colectivos deportivos

Recollida de lixo: presunta si cumpre o plan de axuste, si se vai seguir por libre ou asinar o convenio coa Deputación, e que según o informe de intervención este servizo é deficitario.

Inversión: hai en inversións 124.000 € nun orzamente de 4.700.000 €, que Silleda nunca tivo tan pouca inversión, pregúntase como vaise dar feito a escola de música con 23.000 € e 10.000 € para unha furgoneta.

Estradas: hai presupuestados 50.000 € cando o ano pasado gastáronse 80.000 €, eso que cada día están mais destrozadas.

Camiños veciñais: o ano psado presupuestáronse 38.000 € e este ano 30.000 €, moito menos

Vías: o ano pasado presupuestáronse 89.000 € e este ano 6.000 €

Emprego: presupótase 93.221 € e resulta que o paro no concello nos últimos catro anos aumentou un 160%

Carboeiro: a subvención para levar a luz a Carboeiro de 40.000 €, de xa fai uns anos, que se ten pensado facer con ela.

A Concellería de Agricultura desaparece, cando moita xente vive da agricultura.

Servizos xurídicos: aumentan uns 120.000 € e pide porque o servizo xurídico custa uns 2.000 € mensuais, canto vai a sentenzas e canto vai a informes.

Urbanismo: porque casi tódolos traballos os fai a mesma persoa.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) primeiramente dí que enténdese que un goberno en minoría ten a obriga moral e política de negociar o orzamento, si se quere aprobar, a actitude debe de ser outra. A actitude do BNG é outra.

Este orzamento non recolleu negociación colectiva igual que no 2012, cando a xurisprudencia dí que debe haber negociación coletiva para a elaboración do orzamento. Que fai un ano houbo alegacións por parte do sindicato maioritario en relación a RPT. Que abrir a negociación dunha RPT é fundamental xa que posibilita igualar os dereitos laborais dos traballadores do concello, que ten excesiva carga de persoal laboral. Tamén houbo no 2012 unha alegación da Policía Local para pedir un complemento específico e sería paradóxico dar ese



complemento cando non se abría a negociación co persoal para unha relación de postos de traballo, que houbo dez meses para abrir esa negociación e non se abreu.

En canto a merma da dedicación exclusiva da segunda tenenza de alcaldía, nos plenos organizativos é aprobada puntualmente e tamén debe ser retirada puntualmente. Espera que esa dedicación exclusiva vaia ben invertida e que os 20.000 € supón que irán para o enlace de Lamela e si non chegan haberá que quitar mais dedicacións para que quede ben o enlace.

Dí que todo orzamento tén unha aprobación inicial e unha aprobación final e imos a ver en que dan as alegacións, que vanse a reiterar. Dende o BNG opinan que non se poden deixar de atender as reclamacións xustas.

En canto as partidas:

Ingresos: son previsión xa que sábese a merma que existe nos orzamentos do Estado e da Xunta. O orzamento do 2012 era un orzamento de crisis e saiu ben liquidado e que é mérito de tódolos membros do goberno. Hai diferencias en cuestións puntuais, incúmprese o plan de axuste en canto ós ingresos en relación ó lixo xa que decíase que habería un incremento da taxa aínda que pensa que ata o 2014 non poderá ser efectivo.

En canto os ingresos do programa lúdico educativo, do cal estíbese a preparar unha modificación en canto que as taxas teñan unha rebaixa nas rendas medias e teñan unha alza nas rendas altas, que sería mais xusto.

En canto ós gastos, na memoria fálase da non renovación de contratos temporais, a xente fala de despedidos aínda que non teñen que ser despedimentos. Neste momentos se o concello pódese permitir pagar salarios iso é manter familias, polo menos ata que haxa unha RPT efectiva. Este anon houbo cinco baixas unhas por non renovación de contratos e outras por despedimento.

Gastos xurídicos: estes gastos son bastante elevados pero son debidos a anterior xestión do PP. Persoalmente está dacordo cos investimentos do capítulo 6, no traslado da escola de música á Semana Verde, aínda que faltan 40.000 € que haberá que conseguir doutras administracións.

Está dacordo co Centro Cultural Vista Alegre e a cuberta do pabillón de Bandeira que é necesaria, o albergue, praia fluvial de Fucarelos en Cira e que a furgoneta de electricidade hai que cambiala.

Que os orzamentos baixan un 2,6% pero nos tempos no que estamos aínda no é moito.

En canto o IBI da Urbana que pasa dun 0,58 a un 0,6, pregunta si ese 0,6 é o tope máximo aplicado polo Estado ou pódese aplicar un IBI menor.

Gastos de persoal: nas retribucións básicas para o persoal funcionario do grupo C1 estaba mal dotada e así o fixo saber ó persoal contable do Concello. Que chama atención a produtividade de 3.800 € para o Xefe da Policía, pero si o plan de axuste dí que non haberá produtividade non haberá produtividade para ninguén. Que para eso está a RPT, que a produtividade téñ que ser obxectiva, analizada e valorada, que é un valor engadido ó traballo, non un premio especial, non pode haber discriminación con outro persoal.

Baixada do consumo de enerxía eléctrica: chama atención, no 2012 púxose en 356.000 e agora pasamos a 315.000 €, que debería ser así si hai un plan de aforro enerxético, e non sabe si esa baixada é debido a baixada do custo da enerxía por parte das compañías.

Nos investimentos reais fálanse do pago da expropiación a Sangiao, pero algo debería facer co edificio que téñ alí, o Concello terá que facer algo.

En canto o persoal de limpeza viaria: baixa a partida e entende que é polo despedimento da barrendeira, e espera que o despedimento non volva ser improcedente, porque senón habería que volver a imputar o salario.

Hai unha redución en gastos de administración de servizos sociais pásase de 37.000 € a 10.000 € pero se se potencia estes servizos polo menos habería que manter o orzamento.

Chámalle a atención que desaparezan empregados da axuda no fogar, que realizaban unha labor, cando por parte do concello está sendo potenciado todo o social .

En centros asistenciais sube a partida e sube en relación a un salario e entende que foi dado o ano pasado por circunstancias na produción. Según o Decreto de Rajoy as contratacións novas teñen que estar xustificadas por un interese xera, si alguén entra no concello ten que ser de un xeito limpo e transparente, con igualdade para todos.

Servizos complementarios de educación e lúdicos educativos: a rebaixa no servizo non pode ir en contra dos intereses dos traballadores, non pode manter a empresa un beneficio industrial en contra dos traballadores.

En canto a promoción cultural hai unha rebaixa que combínase co investimento da escola de música xa que rebaixanse 30.000 € en promoción cultural. O Concello é dinamizador da cultura e si a partida non chega debería tirarse doutras.



En canto a Escola de Música propónse unha suba ata os 82.000 € aínda que el pensa que debería chegar ós 85.000 € e que é o servizo de máis calidade do Concello de Silleda e que a previsión deste servizo sería chegar a 100.000 €

Deportes: hai un orzamento de 24.000 que supón que é para subvencións e pregunta si serán distribuídos entre os colectivos para realización de actividades deportivas ou son para outro tipo de cuestións.

Chámalle a atención a baixada de orzamento en turismo: o turismo non é para quedar bonito, é dinamizador e promoción económica xa que revirte nos cidadáns, a partida no é a adecuada cando hai proxecto abertos.

Nas locomocións a cargos electivos aparecen 500 € cando o ano pasado gastáronse 1.226 € e espera que non sexa como o ano pasado máis do dobre.

Formación de persoal: están orzamentados 8.750 € para a administración electrónica, e quere ver os plans, proxectos e orzamentos.

Primas de seguros: hai unha baixada, pero hai seguros que non se están cubrindo como é os dos locais sociais das parroquias.

Estudos e traballos técnicos: hai un aparelador municipal e existe no concello un arquitecto que realiza unha gran labor, pero está irregular xa que non é traballador do concello. Neste caso está xustificada a realización dunha oposición municipal para a praza de arquitecto.

En canto a RPT: trátase de valorar os postos de traballo, o obxectivo e primar o valor do traballo, a produtividade ou é para todos ou para ninguén.

Dí que votar xente non é un orgullo pero si realmente se é capaz de xestionar un orzamento e saír con él equilibrado, non fai falta votar a xente. O orzamento non acaba na aprobación inicial.

Pola **Alcaldesa** pásase a repostar as preguntas formuladas.

En primerio lugar resposta as realizadas polo portavoz do grupo m. do PP José Luis Espiño Espantoso:

O argumento do portavoz do PP é un argumento igual o ano pasado, pero o orzamento do ano pasado foi positivo, o que foi negativo foi o remanente de tesourería por incluírse gastos de difícil recadación; pera a diferenza entre ingresos e gastos, tanto no 2011 como no 2012 foi positivo.

Sobre os traballadores: é certo que necesítase unha RPT pero suporá unha suba a nivel económico que non se pode permitir neste momentos, xa que supón máis

persoal e creación de novas prazas. Está revisada polos sindicatos, pero tamén teñen que negociar o convenio colectivo que tamén o pón o plan de axuste; é certo que están en fraude de lei pero non é culpa dela, a situación é anterior.

Hai postos que non están ben repartidos, pero a situación repítese dende fai anos, polo que hai que facer unha reestructuración do persoal dentro das áreas.

En canto o complemento de produtividade é certo que no plan de axuste díxose que non habería este complemento, pero xa no ano 2012 aparecía o complemento que correspondía ó xefe da Policía Local, que era un complemento que xa cobrara con outras corporacións pola xefatura da policía local

O complemento de tesourería é similar, que entregouse no seu momento e debería estar dentro do específico nunha RPT.

As subvencións repartíronse ós colectivos pero algunhas no se xustificaron adecuadamente que iso quedaron ahí.

No plan de axuste, a recollida de lixo non cumpre por ser un servizo deficitario. O plan de axuste obriga a que tódolos servizos non teñan déficit por iso víronse obrigados a subir as taxas de canguraxe e escola de música. Estase a esperar o plan da deputación de recollida de lixo xa que desta maneira o incremento da taxa do lixo sería ata os 60 €, mais interesante que os 80 € que preveía o concello no plan de axuste, por iso non se suben as taxas en espera do que se adopte para que desta maneira sexa mais beneficiosa para os veciños.

O incremento das taxas da escola de música: este anon non se aumentou foi o ano pasado, pero téñense que manter ó igual que o servizo educativo pola razón do plan de axuste. Falouse cos pais para o vindeiro curso. A rebaixa do servizo non supón unha rebaixa nos salarios dos traballadores. Van a facer menos horas. Non se fixou un tope por si descendían os nenos.

O portavoz do PP decía que era demoledor os 126.000 € en inversión pero demoledor é ter que pagar 546.000 € en facturas atrasadas, sentenzas xudiciais e créditos bancarios, si non se tivera esa carga o anexo de inversións sería maior.

En canto ó arranxo da escola de música a Alcaldesa dí que hai dous proxectos, que haberá unha reunión coa consellería de cultura para falar sobre este tema.

A baixada nos orzamentos en vías e obras, é debido a que hai que pagar uns 280.000 € en sentenzas xudiciais e 90.000 € en facturas anteriores.

En canto ó fomento do emprego está só o persoal adscrito a esa área, que son os axentes de desenvolvemento, e un deles está financiado ó 50% pola Consellería de Traballo.



Servizos xurídicos: este ano están orzamentados 120.000 € por 50.000 € o ano pasado, pero de esos 120.000 € haberá que restar 70.000 € do BSCH, 7.000 € das campás da igrexa católica, sentenzas xudiciais por finalizacións de contratos, 380.000 € da sentenza de Sogama que é firme e 300.000 da sentenza de Indeza que tamén é firme; non se pagan soldos encubertos que a profesional que traballa para este concello cobra polas sentenzas que está levando e que gracias a esta o concello librou dunha sentenza de responsabilidade civil de 550.000 € aproximadamente.

Remata a Alcaldesa as preguntas do portavoz m. do PP dicindo que este orzamento é igual ó 2012, e verase na liquidación.

Seguidamente a **Alcaldesa** pasa a respostar as preguntas do portavoz do grupo m. Mixto, Matías Rodríguez da Torre:

En canto a RPT tense que reabrir o proceso, pero cando se paralizou foi por non poderse asumir. Que lle gustarían ser dinamizadores de emprego, pero agora hai menos cartos. En canto ó complemento da Policía Local xa foi respostada ó portavoz do grupo m. PP.

En canto a segunda tenenza da Alcaldía, non foi un posto nominativo, foi ó cargo, pero na situación na que se está non se vai a nomear un 2º Tte. de Alcalde, non se amortiza e non se dota no orzamento.

Sobre a taxa de recollida de lixo, taxas do cascarón e servizo xurídico, xa foron respostadas anteriormente.

En canto ós investimentos xa se mantiveron co grupo m. Mixto correos electrónicos, aínda que en canto a negociación poida que teña razón, pero gran parte do documento xa estaba negociado.

O IBI de Urbana sube ó 0,6% que é o tope máximo fixado polo goberno de España.

O Gasto eléctrico redúcese.

Sobre o persoal de limpeza viaria, a redución corresponde ó despedimento da barrendeira por causas obxectivas, non por causas políticas.

Gastos en Servizos Sociais, na partida do 2012 gastáronse 35.000 € aínda que realmente no servizo foron 10.000 € e o resto utilizaouse para poder pagar partidas doutras áreas.

En canto a finalización de contratos de mulleres de dependencia, en Xunta de Goberno Local aprobouse a externalización do servizo, ben por cooperativas de mulleres ou cunha empresa. O servizo está sendo deficitario. Estase mirando a mellor das opcións, agora mesmo estase dando servizo a mais xente.

O salario dos traballadores do centro de saúde xa estaba no orzamento do ano 2012.

Con repseto a cultura, xa o ano pasado houbo que tirar doutras áreas, e espera que con esta cantidade orzamentada se poida chegar ó final do ano cun resultado positivo.

En canto as subvencións: farase como o ano pasado o reparto, tanto das subvencións culturais como deportivas, de maneira xusta.

O Turismo é importante no noso crecemento e desenrolo, pero intentarase ter menos gasto en papelería e sair mais nas redes sociais.

Con respecto ós gastos de locomoción o portavoz do grupo m. Mixto dí que tiñanse orzamentados 500 € e gastouse mais do dobre, pero ela foi nomeada fola FEMP membro da comisión de benestar, o que a obriga acudir a Madrid cada 3 ou 4 meses, pero estos gastos son reitegrados pola FEMP nun 60%.

As primas de seguros: será revisado polo concelleiro da área.

Técnico Municipal, díxose que os proxectos municipais os tiña que facer o técnico municipal pero hai un pago importante que hai que facer que é o pagamento pendente do PXOM.

A Alcaldesa manifiesta que é consciente de que poida chegar a facer falta a praza de arquitecto, pero ata o ano 2014 non se poden sacar prazas polo decreto do goberno de España.

Remata a Alcaldesa dí que este proxecto de orzamento é unha liña continuista do ano pasado, que se pode defender.

### **A Alcaldesa abre un segundo turno de intervencións.**

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) pregunta en cato a RPT si se ten xa algo estipulado.

En canto ó complemento de produtividade dí que a Alcaldesa reconece que incumpre o plan de axuste

Inversión: O orzamento de inversión e casi igual que o tema xudicial.



Entende que as taxas da escola de música non suben, facendo lectura ó informe de intervención. **Contesta a Alcaldesa** que o texto que leeu e o texto do Plan de Axuste e non forma parte do informe de intervención.

En canto o lixo alégrase de que lle dea a razón de que incumpría o plan de axuste e gustaríalle saber cando se vaia dar unha solución.

En canto a Axuda no Fogar, dí que aínda onte houbo unha sentenza contra o concello que este tivo que pagar 4.300 € e gustaríalle saber porque foi.

Sobre a luz ó Mosterio de Carboeiro dí que a Alcaldesa non dixo nada. **Contesta a Alcaldesa** dicindo que os 40.000 € está no orzamento pero que fan falta outros 40.000 €, polo que hai que buscar outras alternativas ou mais cartos.

Sobre Agricultura non se falou nada.

Sentenzas xudiciais: o da sentenza de Indeza non está nos orzamentos.

Dí o portavoz do grupo m. PP que non existe ningunha baixada nos órganos de goberno, e visto a inversión que hai o mellor debería plantexar quitar outra dedicación.

**Toma a palabra a Alcaldesa para respostar o portavoz do grupo m. do PP:**

En canto a RPT dí que hai que negociar cos traballadores pero tamén débese negociar o convenio colectivo. En canto os prazos o respostará o concelleiro de persoal.

Sobre o completo de produtividade ó Policía Local volve a indicir no mesmo.

En inversión: Dí que si non existiran temas xudiciais habería mais en inversións que en temas xudiciais.

Servicio de Axuda no Fogar: o decreto dos 4.300 e corresponde a unha finalización de contrato realizado polo goberno anterior sen ningún procedemento, que o xuíz dí que é ilegal.

En Agricultura: dotáronse gastos para desbroces e medio ambiente.

Sentenza de Indeza: non está incluída nos orzamentos xa que se negociou con responsables da empresa para a non inclusión nestes orzamentos pero que querían un compromiso de acordo de pagos para pagar o que se lle debe.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) dí que este orzamento tén unha aprobación inicial e unha aprobación final, que haberá alegacións do que dependerá a súa aprobación final. O que se pide abrir unha negociación da RPT e unha forma de solucionar os complementos e produtividade.

Taxas de servizos lúdicos educativos: as taxas subirá de 50 a 90 €. A renda media dos dezanos é de 900 €, que esas son as rendas medias e que para esas rendas haberá que facer unhas taxas mais asumibles e subir as rendas altas. As empresas están para gañar diñeiro.

Escola de Música: o investimento son de 16.000 € para oficinas e 6.000 € para pequenas obras no edificio de oficinas da Semana Verde, que fan falta 40.000 € para aula de ensaio que haberá que buscalos.

En canto as negociacións do orzamento, non só estase para mirar cultura, estase para miralo todo.

A cobranza do IBI nun 0,6% pregunta si é o tope máximo ou poder ser menor. Toma a palabra a interventora decindo que o Oral aplica automaticamente esta subida.

Luz no Mosterio de Carboeiro: dí que esos 40.000 € poderían chegar para enerxía hidráulica baseada no muiño.

Os gastos dependen de tódalas partidas.

En canto a praza do Arquitecto pregunta si por circunstancias especiais poderíase xustificar, senón se pode xustificar haberá que regularizar a situación.

En canto ó acordo da Xunta de Goberno Local de privatización do servizo de axuda no fogar, manifesta que él votou en contra.

**Toma a palabra a Alcaldesa para respostar o portavoz do grupo m. Mixto:**

A Alcaldesa cede a palabra ó concelleiro de Deportes, Klaus Brey Montaña, que dí que non se rebaxaron as subvencións, que houbo sociedades que non presentaron xustificación e o resto dos cartos gastáronse no campo de fútbol de Laro.

A Alcaldesa por alusións **cede a palabra o concelleiro de obras, Manuel Cuiña Fernández, que:**



Fai unha aclaración en canto que as sentenzas que se pagan son farolas menos que se poden poñer, menos baches que se poden tapar e menos obras que se poden facer.

Sobre a Basura estase a espera que por parte da Deputación Provincial de poña en marcha o Plan Provincial.

Dille ó BNG que non ten casi onde criticar, que o orzamento e casi igual ó do ano 2012.

A luz no Mosteiro de Carboeiro: Hai moitas opcións pero para ningunha chegan os 40.000 €, aínda que a opción que mais lle gusta é a do muiño.

En canto a furgoneta de electricidade quere facer unha aclaración que se tiña unha furgoneta para fontanería que rompeu e agora ou ben cómprase unha furgoneta nova para fontanería ou dúas de segunda mán, unha para fontanería e outra para electricidade.

O aforro eléctrico: o cambio dos contadores xa está rematado conseguíndose un aforro sin ter en conta a rebaixa do goberno.

Contrato de persoal no PAC: dende que hai PAC neste servizo sempre houbo dúas persoas, mais unha empresa que realiza os días festivos.

Sobre os seguros: dí que outro ano mais redúcese o gasto, e claro que faltan seguros, pero xa hai algúns que non había antes como o seguro de Responsabilidade Civil que cubre as actividades que realiza o concello, pero casi todas as partidas eran insuficientes, pero o orzamento é o que é.

Sobre a RPT dí que é casi tan histórica como o Mosteiro de Carboeiro, pero poñerase con ela, empezando a falar con sindicatos e persoal.

Por alusións, o concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que cando se fala do goberno anterior, é parte de goberno que estivo co actual. En canto os soldos dos cargos, estos se dan e se quitan nos plenos.

Por alusións o concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) dí que en canto a RPT hai que abrir un proceso de negociación co comité de empresa, que a RPT xa está realizada e o que hai que facer é negociar.

**A Alcaldesa** comprométese a abrir contactos cos sindicatos para estas negociacións.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: seis (6) (seis dos concelleiros do grupo m. PP).
- Abstencións: unha (1) (unha do concelleiro do grupo m. Mixto).
- Votos a favor: seis (6) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE).

Resultando a primeira votación en empate sométe o asunto a unha segunda votación (segundo o art. 100.2º do RD 2568/1986 ROF) co seguinte resultado:

- Votos en contra: seis (6) (seis dos concelleiros do grupo m. PP).
- Abstencións: unha (1) (unha do concelleiro do grupo m. Mixto).
- Votos a favor: seis (6) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE).

A Alcaldesa dirime o resultado de empate co voto de calidade a favor do acordo, que queda **aprobado, por maioría simple dos presentes.**

**O Pleno da Corporación Municipal**, visto o expediente que consta na sesión: “Concello de Silleda. Exercicio 2013. Orzamento”, no que consta informe da interventora do concello de 27 de marzo de 2013: “Asunto: informe ao orzamento xeral do concello de Silleda para o exercicio 2013”, e informe da interventora do concello de 27 de marzo de 2012: “Asunto: informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e nivel de deuda pública sobre o orzamento do ano 2013”, visto o dictamen favorable da Comisión especial de Contas e informativa de Economía, Facenda, Réximen interior, Urbanismo, Medio ambiente e Medio rural de 2 de abril de 2013, e segundo a Proposta da Alcaldía de data 04 de abril de 2013, por maioría simple dos presentes **aproba este acordo:**

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2013, así como, as súas Bases de Execución e o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o informe da Interventora municipal, de data 27 de marzo de 2013.

Visto o Informe de Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e nivel de deuda pública sobre o orzamento do ano 2013, de data 27 de marzo de 2013.

Visto o anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:



**PRIMEIRO.** Apronaro o límite de gasto no financeiro regulado no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, para o exercicio 2013 do orzamento do concello de Silleda, na contía de 4.651.784,64 €.

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Silleda, para o exercicio económico 2013, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

### ESTADO DE GASTOS

<b>Operacions correntes</b>		<b>4.449.640,32 Euros</b>
<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>IMPORTE EUROS</b>
1	GASTOS DE PERSOAL.	1.977.687,34
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS.	2.116.260,26
3	GASTOS FINANCEIROS.	235.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES.	120.692,72
<b>Operacions de capital</b>		<b>131.448,81 Euros</b>
<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>IMPORTE EUROS</b>
6	INVESTIMENTOS REAIS.	126.948,81
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	4.500,00
<b>Operacions financeiras</b>		<b>129.726,04 Euros</b>
<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>IMPORTE EUROS</b>
8	ACTIVOS FINANCEIROS.	3.726,04
9	PASIVOS FINANCEIROS.	126.000,00
<b>Total presuposto de gastos:</b>		<b>4.710.815,17 Euros</b>

### ESTADO DE INGRESOS

<b>Operacions correntes</b>		<b>4.707.089,13 Euros</b>
<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>IMPORTE EUROS</b>
1	Impostos directos.	1.754.356,41
2	Impostos indirectos.	35.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	513.800,00
4	Transferencia correntes.	2.403.432,72
5	Ingresos patrimoniais.	500,00
<b>Operacions de capital</b>		<b>0,00 Euros</b>
<b>Capítulo</b>	<b>Denominación</b>	<b>IMPORTE EUROS</b>

Operacións financeiras		3.726,04 Euros
Capítulo	Denominación	IMPORTE EUROS
8	Activos financeiros.	3.726,04
Total presuposto de ingresos:		4.710.815,17 Euros

**TERCEIRO.** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

**CUARTO.** Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2013, as Bases de Execución e Anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**QUINTO.** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**SEXTO.** Remitir copia á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia

**FORA DA ORDE DO DÍA,** neste momento na sesión a Alcaldesa presenta este asunto para incluír na sesión:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN SOBRE A INTERPELACIÓN Á ENTIDADE NOVA GALICIA BANCO POLA SÚA RESPONSABILIDADE NO CASO DAS PREFERENTES E SUBORDINADAS”**

A Alcaldesa da lectura á Proposta de Alcaldía de data 04 de abril de 2013 sobre a interpelación á entidade Nova Galicia Banco pola súa responsabilidade no caso das preferentes e subordinadas

**(Sendo as 22 horas pola Alcaldesa faise un receso na sesión Plenaria, para mentres poder leer os Concelleiros esta proposta. Reanúdase a sesión sendo as 22 horas e quince minutos, estando os mesmos membros presentes así como a interventora e o secretario acctal)**

A Alcaldesa somete a votación ordinaria a súa inclusión por urxencia na sesión neste momento fora da orde do día (e sen dictamen), co seguinte resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.



- Votos a favor: trece (13) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo Mixto e seis votos dos concelleiros do grupo m. PP).

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos presentes (acadando a maioría absoluta do número legal), o Pleno acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día (sen dictaminar), que declárase urxente:

**Pásase a tratar o fondo do asunto.**

Vista a Proposta da Alcaldía de data 04 de abril de 2013 sobre a interpelación á entidade Nova Galicia Banco pola súa responsabilidade no caso das preferentes e subordinadas, que literalmente dí:

*“Son moitos os cidadáns aos que entidades, como Nova Galicia Banco, lles ofreceron colocar os seus cartos, en produtos de aforro supostamente seguros, como as Participacións Preferentes ou Obrigas Subordinadas, operacións que resultaron ser un fraude masivo.*

*En Silleda, hai centos de familias afectadas por esta situación. Dende fai un ano, estamos a ofrecer asesoramento e tramitando reclamacións pola vía da arbitrase, tendo un goteo incesante de veciños e veciñas que se achegaban ata a Oficina Municipal de Información ao Consumidor.*

*En este tempo, ata o 1 de Abril de 2013, tramitáronse un total de 220 expedientes (entre preferentes e subordinadas) de persoas que reclamaron a devolución dos seus aforros pola vía da arbitrase. A maior parte deles, un total de 172, son veciños e veciñas do noso municipio; e as restantes corresponden a veciños e veciñas de municipios limítrofes como Vila de Cruces, A Estrada ou Lalín, que eran usuarios da entidades de Nova Galicia Banco de Silleda ou A Bandeira ou que por, outras razón de operatividade acudiron á oficina silledense.*

*A media de afectados que decidiron acollerse á arbitrase ante o Instituto Galego de Consumo foi de 18 ao mes, pero dende o Goberno municipal, tiñamos o temor que puideran ser moitas máis as familias silledenses que estaban atrapadas nesta estafa e que non presentaran a súa reclamación ben por descoñecemento ou por que decidiran acudir exclusivamente a vía xudicial.*

*A recente decisión do Fondo de Reestructuración Bancaria (FROB), ratificada polo goberno de Estado, de aplicar quitas medias dun 43% aos estafados en preferentes, un 41% aos das subordinadas perpetuas e un 22% para obrigacións subordinadas con vencemento, converteu esta suposición en certeza, xa que, en*

*tan só tres días, presentáronse 10 novas solicitudes de arbitraje de veciños e veciñas que acoden a OMIC logo de ter recibido a comunicación de Nova Galicia Banco coas indicacións das quitas sinaladas (esta mesma mañá presentáronse 5).*

*Con estas novas solicitudes, a día de hoxe situase o número de tramitacións de arbitraje solicitadas en 182 (mais 48 de cidadáns doutros concellos), o que quere dicir que un 6% das familias silledenses están afectadas por esta estafa, que supera os 4 millóns de euros, cun promedio de 22.000 euros por cada afectado, o que demostra con claridade que se trata na súa maioría de pequenos aforradores.*

*Pequenos aforradores que caeron na trampa dos dirixentes e responsables máximos de Nova Galicia Banco que, amparados na confianza dos clientes, puxeron en marcha unha "política comercial" coa que obrigaron aos seus subordinados a colocar produtos de alto risco entre os nosos veciños e veciñas que nada sabían dos mercados financeiros, e que ante a crise que estamos a vivir, os deixa na estacada.*

*Temos que insistir en que a responsabilidade máxima, que ten o Ministerio de Economía neste asunto, ten que obrigalo a seguir buscando solucións e alternativas para que os afectados e afectadas recuperen os seus aforros. Non se pode inxectar cartos públicos no sistema bancario mentres se priva de crédito aos cidadáns e o que é máis grave, se lle prohíbe recuperar os seus aforros.*

*Pero debemos ter en conta ademais, que máis aló de esa responsabilidade do Goberno do Estado no control desta situación, hai un culpable en toda esta rede de estafas, e esas son as entidades bancarias, as que enganaron descaradamente ás persoas que confiaron neles para depositar os aforros conseguidos con moito esforzo ao longo da súa vida, e que quixeron maquillar as súas contas de resultados con consecuencias dramáticas para os aforradores e aforradoras.*

*Por iso, non podemos permitir, que se o FROB é agora propietario de esta entidade, faga oídos xordos as xustas reclamacións dos aforradores de Silleda ante a falla de presión social, xa que tan só se teñen resoltos a día de hoxe 10 laudos dos 220 solicitados, un 2.20 %, cando noutras zonas teñen resoltos máis do 60 % dos presentados.*

***Pero o máis importante é que non podemos nin debemos seguir mantendo unha relación clientelar con Nova Galicia Banco de continuar sen resolverse esta macroestafa que golpea a tantos silledenses***

*Por todo o exposto, e visto o gran número de familias afectadas no noso municipio, cantidade que de seguro vai a seguir aumentando logo da recepción da comunicación das quitas por parte do FROB, dende a Alcaldía propónse ao Pleno da Corporación, pola vía de urxencia, a adopción dos seguintes acordos:*



**PRIMEIRO.-** *Esixir a Nova Galicia Banco que busque as fórmulas que sexan precisas, ben a través do FROB do goberno de España ou ben a través do Fondo de Garantía de Depósitos (FGD) para a devolución íntegra dos aforros de todos os silledenses aos que se enganaron con depósitos en preferentes e subordinadas.*

**SEGUNDO.-** *Conceder a dita entidade bancaria un prazo de tres meses para facer efectiva esta devolución, que de non cumprirse suporá a retirada de todos os fondos municipais de Nova Galicia Banco.”*

**Aberto o debate,** desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que seu grupo está dacordo.

O concelleiro portavoz do grupo m. mixto Matías Rodríguez (BNG), dí que plantexa neste momeno ó Pleno enmienda verbal para engadir a proposta “no caso de non ser atendidas estas reclamacións e ofrecerlle o 100% dos aforros postos en depósito, pedir a dimisión da dirección de Nova Galicia Banco” xa que como é un banco público cunha dirección privada posta polos políticos tamén débense facer cargo das súas responsabilidades.

A Alcaldesa está dacordo con esta enmenda.

**Pásase á votación ordinaria do asunto,** dirixida pola Alcaldesa, segundo a proposta da Alcaldía, de data 04 de abril de 2013, e a enmendas verbal do portavoz do grupo m. Matías Rodríguez, deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.

- Abstencións: ningún.

- Votos a favor: once (13) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo Mixto e seis votos dos concelleiros do grupo m. PP).

**Resulta aprobado, por unanimidade dos presentes.**

**O Pleno,** segundo a proposta presentada pola Alcaldía, de data 04 de abril de 2013 e a enmenda verbal do portavoz municipal do grupo Mixto, Matías Rodríguez da Torre, por unanimidade dos presentes (votos en contra ningún; abstencións: ningunha; votos a favor trece: seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo m. Mixto e seis votos dos concelleiros do grupo m. PP), **aproba este acordo:**

**PRIMEIRO.-** Esixir a Nova Galicia Banco que busque as fórmulas que sexan precisas, ben a través do FROB do goberno de España ou ben a través do Fondo

de Garantía de Depósitos (FGD) para a devolución íntegra dos aforros de todos os silledenses aos que se enganaron con depósitos en preferentes e subordinadas.

**SEGUNDO.-** Conceder a dita entidade bancaria un prazo de tres meses para facer efectiva esta devolución, que de non cumprirse suporá a retirada de todos os fondos municipais de Nova Galicia Banco.

**TERCEIRO.-** No caso de non ser atendidas estas reclamacións e ofrecerlle o 100% dos aforros postos en depósito, pedir a dimisión da dirección de Nova Galicia Banco

### **3º.- MOCIÓN.**

**1º.- Moción do BNG. MOCIÓN POLO 8 DE MARZO DE 2013, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.-** (Rex entr nº 1118 de data 01-03-2013) presentada polo concelleiro do grupo m. Mixto Matías Rodríguez da Torre de data 01-03-2013.

A Alcaldesa da a palabra ó concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m.mixto), quen explica a moción e a súa urxencia.

A Alcaldesa somete a votación ordinaria a súa inclusión por urxencia na sesión fora da orde do día (e sen dictamen), co seguinte resultado:

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Votos a favor: trece (13) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, seis votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo m. Mixto).

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos presentes (acadando a maioría absoluta do número legal), o Pleno acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día (e sen dictaminar) que declárase urxente:

**MOCIÓN POLO 8 DE MARZO DE 2013, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.-** (Rex entr nº 1118 de data 01-03-2013) presentada polo concelleiro do grupo m. Mixto Matías Rodríguez da Torre de data 01-03-2013.

#### **Pásase a tratar o fondo do asunto:**

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) explica o contido da moción.



**Aberto o debate**, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que o PP está facendo cousas a favor deste igualdade.

A Alcaldesa dí que seu grupo está a favor da moción.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.

- Abstencións: seis (6) (seis dos concelleiros do grupo m. PP).

- Votos a favor: sete (7) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

**Resulta aprobado, por maioría simple dos presentes.**

**O Pleno**, segundo a proposta de acordo da moción presentada polo concelleiro do grupo mixto Matías Rodríguez de data 01-03-13 (rex entr 01-03-13, nº 1118), por maioría simple dos presentes (votos en contra: ningún; abstencións: seis dos concelleiros do grupo m. PP; votos a favor sete: seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo m. Mixto), **aproba este acordo :**

**Moción polo 8 de marzo de 2013, Día Internacional das Mulleres.**

- 1.- O recoñecemento dos dereitos das mulleres, en todos os aspectos expostos.
- 2.- O rexeitamento das políticas que veñen levando a cabo os gobemos galego e central do Partido Popular que condenan ás mulleres á marxinação e á dependencia, e que supoñen un retroceso en canto á incorporación á vida política e social, relegándoas a un traballo no ámbito privado e a realización de labores domésticos, como a atención de persoas dependentes, traballo que debería ser asumido polos poderes públicos e que non se realiza pola supresión da cobertura social, derivada da moratoria da Lei de Dependencia.
- 3.-A intensificación das medidas preventivas e de condena da violencia machista, que cada vez se visualiza máis na nosa sociedade.
4. -A toma de medidas que corresponden á administración pública para garantir a non discriminación laboral das mulleres e a perda de servizos de conciliación familiar.

**2º.- Moción do BNG. MOCIÓN A PROL DA CULTURA GALEGA.-** (Rex entr nº 1195 de data 05-03-2013) presentada polo concelleiro do grupo m. Mixto Matías Rodríguez da Torre de data 05-03-2013.

A Alcaldesa da a palabra ó concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m.mixto), quen explica a moción e a súa urxencia.

A Alcaldesa somete a votación ordinaria a súa inclusión por urxencia na sesión fora da orde do día (e sen dictamen), co seguinte resultado:

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Votos a favor: trece (13) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, seis votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo m. Mixto).

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos presentes (acadando a maioría absoluta do número legal), o Pleno acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día (e sen dictaminar) que declárase urxente:

**MOCIÓN A PROL DA CULTURA GALEGA.-** (Rex entr nº 1195 de data 05-03-2013) presentada polo concelleiro do grupo m. Mixto Matías Rodríguez da Torre de data 05-03-2013.

**Pásase a tratar o fondo do asunto:**

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) explica o contido da moción.

**Aberto o debate,** desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que a Cidade da Cultura xa está parada e que o PP recorta nestes casos por culpa da crisis.

A Alcaldesa dí que está dacordo coa moción, manifestando que están paradas as obras da Cidade da Cultura, non o gasto.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) quere deixar claro que os recortes na cultura non son por causa de crisis, trátase de desbaratar a cultura galega.

**Pásase á votación ordinaria do asunto,** dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado:



- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: seis (6) (seis dos concelleiros do grupo m. PP).
- Votos a favor: sete (7) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

**Resulta aprobado, por maioría simple dos presentes.**

**O Pleno**, segundo a proposta de acordo da moción presentada polo concelleiro do grupo mixto Matías Rodríguez de data 05-03-13 (rex entr 05-03-13, nº 1195), por maioría simple dos presentes (votos en contra: ningún; abstencións: seis dos concelleiros do grupo m. PP; votos a favor sete: seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo m. Mixto), **aproba este acordo :**

#### **Moción a prol da cultura galega.**

##### 1. Instar á Xunta de Galiza a

- Iniciar con urxencia un proceso de diálogo cos diferentes sectores e asociacións representativas da cultura galega, para consensuar medidas e actuacións en materia de política cultural.
- Proceder á convocatoria urxente das diferentes redes de programación para o primeiro semestre de 2013 e iniciar a convocatoria da segundo semestre da programación da Agadic, negociando cos concellos e entidades representativas das artes escénicas e musicais os criterios e requisitos das redes, e garantindo unha dotación que permita unha programación cultural non inferior a de convocatorias anteriores.
- Convocar no ano 2013 un programa, en colaboración cos concellos galegos, que promova a contratación de espectáculos de teatro, danza, narración oral, novo circo, maxia e concertos de música producidos na Galiza co obxectivo de promover a distribución de produtos culturais galegos e espallar a cultura entre os cidadáns e as cidadás galegos.
- Rebaixar o orzamento adicado á Cidade da Cultura, destinando estes recursos á axudas aos diferentes sectores da cultura galega e á realización de actividades e difusión das producións culturais galegas no conxunto das aldeas, vilas e cidades galegas.
- Estabelecemento dun programa de bono-cultura, que subvencione a adquisición de produtos culturais producidos en Galiza nos seus diferentes soportes, coa finalidade de reactivar a compra de produtos artísticos e culturais.

2. Impulsar dende o Concello a presenza de propostas culturais galegas nas festas populares, vinculando as subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos municipais á contratación de creadores, creadoras e artistas galegos.

**3º.- Moción do BNG. MOCIÓN SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES.-** (Rex entr nº 2079 de data 02-04-2013) presentada polo concelleiro do grupo m. Mixto Matías Rodríguez da Torre de data 01-04-2013.

A Alcaldesa da a palabra ó concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m.mixto), quen explica a moción e a súa urxencia.

A Alcaldesa somete a votación ordinaria a súa inclusión por urxencia na sesión fora da orde do día (e sen dictamen), co seguinte resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: seis (6) (seis dos concelleiros do grupo m. PP).
- Votos a favor: sete (7) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

**Resulta aprobado, por maioría simple dos presentes.**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º do RD 2568/86 R.O.F. por maioría simple presentes, o Pleno acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día (e sen dictaminar) que declárase urxente:

**MOCIÓN SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES.-** (Rex entr nº 2079 de data 02-04-2013) presentada polo concelleiro do grupo m. Mixto Matías Rodríguez da Torre de data 01-04-2013.

**Pásase a tratar o fondo do asunto:**

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) explica o contido da moción, indicando que en moitos sitios, a única comida diaria dos rapaces é a do comedor escolar. Dí que unha forma de unha forma de abaratar custo é os recortes ós centros privados, xa que estos teñen que ser autosuficientes.

**Aberto o debate,** desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que si a Xunta vese obrigado ó Copago é porque non da asumido o gasto.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) dí que a xustificación é degradar ó ensino público e favorecer ó ensino privado.

A Alcaldesa dí que con este Copago vaise discriminar ós nenos, que existen outras alternativas sin facer dano a ensinanza pública.



**Pásase á votación ordinaria do asunto**, dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: seis (6) (seis dos concelleiros do grupo m. PP).
- Abstencións: ningunha.
- Votos a favor: sete (7) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

**Resulta aprobado, por maioría simple dos presentes.**

**O Pleno**, segundo a proposta de acordo da moción presentada polo concelleiro do grupo mixto Matías Rodríguez de data 01-04-13 (rex entr 02-04-13, nº 2079), por maioría simple dos presentes (votos en contra: seis dos concelleiros do grupo m. PP; abstencións: ningunha; votos a favor sete: seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo m. Mixto), **aproba este acordo :**

**Moción sobre o novo copago dos comedores escolares.**

1.- Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.

2.- Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

3.- Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuito ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

**4.- DAR CONTA DE DECRETOS (ata 31 de marzo de 2013 inclusive) E XUNTAS DE GOBERNO LOCAL (ata 14 de marzo de 2013 inclusive, entregadas por escritos de secretaría xeral).**

A Alcaldesa da conta dos Decretos da Alcaldesa e concelleiros delegados ata a data 31 de marzo de 2013 (incluído) e Xuntas de Goberno Local ata o 14 de marzo de 2013 (incluída), non habendo intervencións .

**O Pleno da Corporación queda enterado dos Decretos da Alcaldesa e concelleiros delegados ata a data 31 de marzo de 2013 (incluído) e Xuntas de Goberno Local ata o 14 de marzo de 2013 (incluída).**

**5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) plantexa o seguinte:**

Bacheos: hai necesidade de reparar os baches na rotonda do polígono área 33. Que arranxouse unha pista en Breixa e aumentouse a altura non quedando ben as entradas, que solicitaron a colocación de tubos e o concelleiro de obras díxolles que os tubos os tiñan que comprar eles.

Tramos do camiño de Santiago, como en Dornelas, que está desfeitos.

Bachear na Ponte Taboada a esplanada que está diante do restaurante.

A estrada N-525 coa rúa Chousiño

Asimesmo formula as seguintes preguntas:

- Canto custa ó ano a Asesoría Xurídica.
- Porque se encargan proxectos a persoas de fora habendo no concello Arquitecto municipal e arquitecto asesor que os podían hacer.
- Porque casi todo o material se compra a unha mesma empresa.
- Como sigue o tema das farolas.

**A Alcaldesa contéstalle:**

En canto a Asesoría Xurídica non sabe agora mesmo os datos, pero que llos vai a dar así como os importes abonados nos procesos xudiciais.

Sobre o Arquitecto Asesor, dí que cando entrou na Alcaldía entregou as accións que tiña na súa empresa e que dende o 2007 non ten nada que ver con esa empresa, e que agora tamén encaírganse traballos o señor que comprou esa empresa xa que tamén é unha empresa de Silleda. Que para facer proxectos fan falta medios, non só coñecemento. Que contratáronse con varios arquitectos as obras do PID, que ela non ten nada que ver con unha empresa de arquitectura. Que realizar un traballo ben feito leva tempo, que o concello non dispón de medios para facer estes proxectos e que os arquitectos do departamento de urbanismo xa están saturados de traballo.

**O Concelleiro de Vías e Obras, Manuel Cuiña Fernández contéstalle:**

En canto os baches, está dacordo en que hai moitos, pero é debido ó duro inverno, que lle pasa igual a tódolos concellos.

En canto ó arranxo da pista en Breixa, esta non sube mais do normal, sube uns 4 cm. Que veu un veciño e él díxolle que si quería meter uns tubos para a entrada na



súa propiedade, él tiña que mercar os tubos e que a empresa que fixo a obra nese momento os colocaría, polo que soamente tiña que mercar os tubos, nada mais.

Sobre o arranxo da explanada na Ponte Taboada, fronte o restaurante, lle trasladará a petición a Fomento, xa que é da súa competencia.

Encendido das farolas: xa se estiveron encendendo as que está fronte a granxas e establos, que os datos de aforro saen ben, incluso a partir do mes de abril poderíanse empezar a encender as farolas que están fronte a casas que aínda que non sexan habitadas si está habitables.

En canto a que o material se compra a unha soa empresa: dí que cómprase a empresas como Dielectro, Digamel, Blanco, Valiño a un montón de empresas, pero si se refire a certa empresa e certo material dí que é unha costume de toda a vida neste concello e simplemente cambiouse de empresario.

**O Concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) plantexa o seguinte:**

Primeiramente quere decir que o que acaba de decir o concelleiro de obras é que se pode estar ocultando un delito, xa que si esas factura son reparadas por dar todo a unha mesma empresa, o que haberá que facer e diversificar ós provedores, que esa é una resposta de un cacique e que hai miles de respostas, incluso de maneira subxetiva, iso é unha chulería.

Sobre os consellos parroquiais: Estos anuláronse e suspendéronse cando hai aprobado un regulamento de participación cidadá cos votos a favor do PSOE, o BNG e a bastención do PP. Están baseados na vontade popular; pero suspéndense pola pouca participación e a dimisión de algúns do elexidos, e eso non é óbice para suspendelos. Que a vontade deste concello para que participación cidadá funcionase foi só de un concelleiro. Que o regulamento vaise a esixir por ser ordenanza deste concello, e que non ten lóxica anular estas elección cando se leva feito un 85%.

No apagado do alumeado público houbo queixas porque non se falou cos veciños.

O enlace da Ap-53 en Lamela. O peche era para presionar ó Ministerio, pero arranxala o concello non é unha solución, hai que falar cos veciños e recuperar o convenio co Ministerio, o cal non caduca.

Realiza os seguintes rogos:

Bordillo na parada de taxis: Débese buscar unha solución xa que tropeza moita xente.

Baches na rúa da Estación: supón que vaise bachear.

Taboleiro de anuncios e Oleiros: O deberon roubar.

**A Alcaldesa contéstalle:**

Enlace Ap-53 en Lamela: Había duas opción por parte do Ministerio, asinar un acordo no que quedaran recollidas as condicións que poidera ter o futuro enlace e que podían ralentizar o proceso 2 ou 3 anos ou ben a cesión en propiedade, xa que desta maneira non tiña que estar dotado economicamente. O concello está facendo labores de mantemento. Dende novembro do ano pasado hai un informe da Policía Local no que dí que o responsable de calquera accidente que se producirá alí é do Concello e a responsable máxima a alcaldesa. O convenio non tiña data de cadudidade, pero tiña uns tempos. Vaise reparar a vía e mentras non se asina un acordo limitaraxe o acceso as toneladas dos vehículos, para que non se estropee en quince días. Bachéase para garantir a seguridade dos cidadáns.

**O Concelleiro de Vías e Obras, Manuel Cuiña Fernández contéstalle:**

Sobre que lle chame cacique o portavoz do grupo m. Misto, Matías Rodríguez, irrdica que as actitudes deste cambian según de onde veñen as cuestións.

Sobre os Consellos Parroquiais: Está dacordo de que foi aprobado polo pleno o regulamento de participación cidadá, pero este regulamento non só é os consellos parroquiais, hai consellos sectoriais de educación, de cultura e todos son importantes. Están suspendidos a espera de estudialos e si é procedente seguir con eles.

Alumeado: nunca houbo unha maxiva reclamación.

Taboleiro de anuncios en Oleiros: Ainda está sen repoñer, pero poñerase cando se teña tempo.

**Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa levanta a sesión sendo ás vintetrés horas e vintecinco minutos do mesmo día.**

Estendéndose a presente acta, da que, como secretario acctal (Decreto 04.04.13), dou fe e certifico.

Silleda, 04 de abril de 2013

Vº Pr. A Alcaldesa

Paula Fernández Pena

Dou fe. O secretario acctal.  
(Decreto 04.04.13)

David García Lareo